Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XVI - Nº 190. Decembro 2021. Distribución gratuíta

A XXIII campaña ‘Este Nadal toca en Melide’ repartirá 6.000 euros no tradicional sorteo

A vixésimo terceira campaña da asociación empresarial da comcarca, ‘Este Nadal toca en Melide’ repartirá 6.000 euros en premios no seu tradicional sorteo, polo que se recupera o importe anterior á pandemia. O pasado 1 de decembro arrincaba a nova edición da iniciativa que cada Nadal a entidade empresarial celebra nos comercios asociados da comarca. Este ano participarán oitenta establecementos, o que afirma a boa acollida que esta iniciativa ten cada ano. P5

Oito de cada dez habitantes da comarca falan en galego

O 87,85% da poboación da comarca Terra de Melide fala sempre en galego, así o indica os últimos datos do Instituto Galego de Estadística (IGE). Nos catro concellos o galego é a lingua maioritaria. P18

Melide organiza un Nadal Máxico para todas as idades

O Concello de Melide organiza un Nadal Máxico con actuacións e actividades para todas as idades. Este ano a vila recupera a programación especial para estas datas con diversos espectáculos. P12

EMPRESA
Entrevista a Pilar López, xerente de ASETEM P4

EMPRESA
Cae en Romero Zapaterías unha das tarxetas de 250 euros sorteadas na camapaña de Días Azuis P6

COMARCA
As Casas Niño de Santiso organizan o segundo Nadal solidario P19

ENTREVISTA

Víctor e Luís Blanco, Hotel Carlos 96 P23

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

31 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

www.asetem.com - Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

O esquecemento como método de supervivencia

Unha posible definición do que é a vida podería ser esa sucesión de feitos que teñen certa importancia no momento e, co paso dos días, van caendo no esquecemento. Isto mesmo sucede coas novas que saen no telexornal, quen se acorda da explosión que houbo en xaneiro nun edificio dunha rúa de Madrid e provocou a morte de catro persoas?; que pasou coas mulleres en Afganistán que perderon todo tipo de dereitos, volveron saír nos medios?; os refuxiados que en diferentes puntos do planeta seguen arriscando a súa vida, precisamente, na procura dunha mellor, impórtanlle a alguén?; ata o 2 de decembro, levamos este ano 38 mulleres asasinadas a mans das súas parellas ou ex-parellas, quen ten este dato na súa mente? e que pasa cos centos de palmeiros que perderon o seu fogar a causa da erupción do volcán de Cumbre Vieja?

Os medios de comunicación contribúen ao esquecemento colectivo de certas historias, non obstante, cabería pensar que a vida é iso: ir pasando os capítulos dun libro no que para continuar o relato é imprescindible ir esquecendo o que queda atrás e non o escribimos en primeira persoa, isto non deixa de ser un mecanismo de protección ou de supervivencia que a sociedade levan empregando dende o comezo dos días. A pesares disto, non hai que esquecerse da importancia que ten coñecer o pasado colectivo dunha sociedade, isto permítenos non volver cometer certos erros que xa tiveron o seu momento de gloria noutros tempos.

Outro factor a ter en conta nesta especie de amnesia dos medios de comunicación foi a chegada da COVID -19, un virus que se asentou e eclipsou os noticiarios de todos os medios de comunicación. Dende que a COVID chegou ás nosas vidas xa non se fala doutra cousa, parece que agora xa non hai violencia xénero, nin persoas en situación de exclusión social, tampouco accidentes de tráfico ou delitos, e se estas circunstancias teñen a "sorte" de aparecer nos medios é de maneira esporádica e fugaz, ao igual que a nosa memoria ante estes mesmos feitos. É importante recordar que colocarnos ás costas dos problemas non vai provocar que desaparezan.

Viñeta de Mafalda cunha crítica aos medios de comunicación. / Foto: Quino

Tribuna de opinión

Este Nadal es ti quen decide

Xunta Directiva de ASETEM - CCA

Unha viñeta de Luis Davila de apoio ao comercio local. / Foto: Faro de Vigo

Este Nadal, a diferenza do anterior, recuperamos a posibilidade de movernos ata os grandes centros comerciais das cidades para facer as nosas compras. É nesta ocasión cando debemos amosar o noso compromiso co comercio da nosa vila, aquel que está ao noso carón todos os días do ano, sempre que o precisamos.

O ano pasado os establecementos de proximidade estiveron á altura das circunstancias para que todas e todos puideramos desfrutar dun bo Nadal, cos agasallos e produtos que demandamos porque nestes pequenos negocios hai de todo.

Unha veciñanza que merca no comercio local é unha poboación que fai comunidade, contribúe a que medre o seu municipio e axuda aos seus veciños e veciñas. Unha vila con establecementos de proximidade vivos e con movemento é en consecuencia unha localidade con vida. Temos dúas opcións: por unha banda, mercar nas grandes superficies e contribuír a baleirar Melide ou, pola outra banda, axudar a que Melide medre. Ti decides.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Lorena Vidal
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 **E-mail:** info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Vanesa de Quinzán, CC Xestión, Cristina Fernández, CEIP Arcediago e IES de Melide
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Imprenta Meligraf
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ASOCIACIÓN DE MEDIOS EN GALEGO

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- MELIDE.....12
- COMARCA.....18
- CULTURA E LECER.....20
- COLABORACIÓNS.....21
- ENTREVISTA.....23

A parte da carta habitual temos
pratos especiais de Nadal

casa alongos

- Reservas para ceas e xantares de Nadal para grupos, configuración personalizada do teu menú
- A partir do 1 de xaneiro todos os domingos haberá cocido por encarga

Camiño Vello de Santiago (MELIDE)
www.casaalongos.es / info@casaalongos.com
Tfno: 981 50 63 92 / 686 31 28 51

IMPRENTA
Meligraf

- Impresión Offset
- Impresión Digital
- Acabados

Teléfono/ Fax: 981 50 62 56
Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE
(A Coruña)

Véndese leña
picada de carballo

Santa María de MELIDE

636 866 996

LIMPIEZA Y DESINFECCIÓN AMBIENTAL
CONTRA EL CORONAVIRUS

Debido a la declaración del brote de coronavirus como pandemia global por parte de la Organización Mundial de la Salud, desde PLAGOSTEL queremos ayudarle a mantener las dependencias de sus instalaciones libres del virus COVID-19

Plagostel
N.R.S. [0177-GAL-SPO]
calidad e higiene alimentaria

Contacte con nosotros, podemos ayudarle
986118714 – 698179968
pedidos@plagostel.com

ENTREVISTA A PILAR LÓPEZ - XERENTE DE ASETEM - CCA

“As persoas traballadoras tanto como os empresarios e empresarias deben de ter condicións de traballo dignas”

A Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide é unha entidade con trinta e dous anos de historia que conta con, actualmente, con máis de cento trinta socios e socias de diversos sectores empresariais da comarca. Nesta entrevista a súa xerente, Pilar López, coméntanos cal é a situación actual do comercio e da entidade, explícanos os novos obxectivos para o 2022 e analiza os principais problemas que o sector empresarial dende a súa ampla experiencia. Nesta asociación teñen espazo para todas as voces empresariais da comarca e traballan a diario para ofrecerlle o maior número posible de ferramentas aos seus asociados.

Pilar López, xerente de ASETEM - CCA no despacho da sede da asociación empresarial da comarca. / Foto: Cerne

- A pesares de pasar un ano complicado por mor da pandemia, a Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide non parou de organizar actividades e campañas para promocionar o comercio de proximidade.

- Pilar López: Así foi, intentamos realizar todas as iniciativas posibles para dinamizar o comercio local da comarca. Este ano algunha das campañas tivemos que facelas de xeito dixital polas restricións como puido ser a do día dos namorados. Unha cita imprescindible que celebramos, en colaboración co Concello de Melide, este ano nas súas dúas edicións foi o Mercamelide. Ademais, o Mercamelide no Camiño celebrado no verán cada vez conta con máis afluencia de xente e parte deste éxito, a maiores da implicación dos comercios participantes tamén foi o cambio de localización. Logo a iniciativa de Noite Aberta pasouse a fusionar cos Días Brancos pero que tamén tivo boa aceptación entre as usuarias e usuarios. A actividade promocional que este 2021 non se puido celebrar foi a Pasarela de Moda nin tampouco o Contigo Somos, Contigo Seremos; con respecto á primeira campaña estamos traballando para recuperala dun xeito diferente que se adapte ás novas circunstancias sanitarias. E no tocante ao Contigo Somos, Contigo Seremos é unha actividade que me gustaría moito recuperar polo éxito que tivo entre a veciñanza así como pola forte visibilidade que lle proporcionou tanto á vila como aos comercios de proximidade, por este motivo imos intentar que no vindeiro ano se volva celebrar aínda que sexa un pouco diferente.

- Que balance fas deste 2021 en canto aos negocios locais?

- (P.L): As tendas de proximidade colleron esta crise nunha situación na que xa estaban debilitados por outras circunstancias como por exemplo, a venda en liña. Por esta razón pensei que esta pandemia ía ser a fin para moitos negocios pequenos pero non foi así, nos municipios pequenos como Melide demostrouse que os comercios locais teñen fortaleza e a veciñanza volcouse con estes establecementos nun momento tan complicado como foi a saída do confinamento. De feito, o Nadal pasado foi moi bo en canto a vendas en parte por esas restricións que nos obrigaron a coñecer as tendas das nosas rúas e espero que este ano, aínda que xa nos podemos mover libremente, a poboación volva apostar por facer as súas mercas de Nadal nos comercios da vila. Despois no que respecta ao número de socios e socias na asociación tivemos algunhas baixas pero menos que novas altas de emprendedoras e emprendedores que decidiron abrir o seu negocio.

- Cales son os principais obstáculos aos que se está enfrontando o sector empresarial?

- (P.L): Por unha banda, a suba de impostos, o encarecemento das tarifas eléctricas ou do combustible e a escaseza de certos produtos. A todo tipo de empresas lle afectan estas subas porque son elementos básicos para funcionar. Pola outra banda, as centrais de distribución ou de compras tiñan que mudar as súas políticas porque as actuais penalizan os pequenos comercios xa que as grandes áreas sempre piden con moita antelación e grandes cantidades pero é un establecemento de proximidade, a maioría das veces, non pode pedir os artigos da vindeira campaña ou tempada ata que non ten o anterior vendido.

- Os empresarios e empresarias manifestan que hai sectores para os que non atopan persoas para traballar. Que está sucedendo?

- (P.L): Na miña opinión, para atopar traballadores e traballadoras os salarios teñen que ser dignos, é dicir, unha persoa traballadora ten que gañar para vivir. Por outra parte, as empresarias e empresarios tamén teñen que gañar para vivir dignamente. Logo, outro tema que penso que afecta é o feito de que as políticas de conciliación son pura utopía, non existen na maioría dos casos. De feito, os sectores aos que máis lles custa atopar persoas para traballar son os que máis dificultade teñen para a conciliación como é o caso da hostalería, o comercio ou os transportistas. Estes últimos están nun momento moi complexo porque as condicións laborais nas que están é moi difícil traballar, hai anos os camioneiros tiñan o seu tempo para parar a comer nun restaurante, agora non lles dá nin as horas nin os soldos para facelo. Entón, como a xente nova vai querer dedicarse a ser camioneiro se non teñen unhas condicións dignas para desenvolver o seu traballo?

- Os obxectivos para o 2022 en ASETEM - CCA son...

- (P.L): Pois manter as ferramentas que poñemos a disposición dos asociados e asociadas, especialmente dúas que están tendo moito éxito e son moi demandadas: o servizo de paquetería e a creación de páxinas web totalmente gratuítos. Estes dous servizos son imprescindibles para os negocios nestes tempos, xa que lles axuda a competir dentro do sector con outras empresas máis grandes, así como a chegar a súa clientela nova con facilidade. Ademais, seguiremos coas campañas que se fixeron este ano e estamos traballando para impulsar outras novas que axuden a dinamizar o comercio da comarca. Outro obxectivo que temos dende que se creou a asociación é ser o altofalante e punto de encontro entre os asociados e asociadas ante calquera petición ou dificultade que teñan, así como seguir creando novos socios e socias para que o sector empresarial da Terra de Melide estea unido e poder facer máis cousas.

ASETEM - CCA recibe máis de 42.000 euros para apoiar e dinamizar o comercio local

Carteis de campañas realizadas por ASETEM que se financian coa axuda da Dirección Xeral de Comercio. / Foto: Cerne

A Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide recibe 42.862,50 euros de parte da Dirección Xeral de Comercio, a través das axudas a centros comerciais abertos para a revitalización dos establecementos de proximidade.

Estas achegas económicas da administración autonómica están destinadas a proxectos como a campaña de 'Volta ao Cole', 'Melide Comercio Saudable' ou a do 'Día da Nai', é dicir, as diferentes iniciativas que a entidade comarcal realiza ao longo do ano para impulsar e promover o comercio local da Terra de Melide.

Ademais, esta liña económica de subvención tamén cubre parte dos gastos da unidade xerencial, así como a asistencia xestora gratuíta para todos os asociados e asociadas que a desexen empregar.

Para este tipo de asocacións as axudas por parte das administracións públicas son vitais xa que sen elas moitas das actividades que se realizan durante todo o ano para dinamizar o comercio local, para visibilizar e axudar ás empresas asociadas non sería posible levalas a cabo. Por este motivo, dende ASETEM - CCA fan fincapé na importancia de que "as administracións públicas lancen estas convocatorias para poder seguir apoiando o tecido empresarial dos municipios pequenos como é Melide".

A maiores, a xerente da entidade comarcal, Pilar López, sinala a necesidade que estas ordes de axudas saían "cara principios de ano e non mediados case finais como foi no 2021 porque deste xeito organizar e realizar as campañas é moito máis complexo para as traballadoras e traballadores dos CCAs porque temos que ir case a cegas".

Outra petición arredor desta convocatoria realízana dende hai tempo a Asociación de Xerentes dos Centros Comerciais Abertos e Zonas Urbanas de Galicia, neste caso a de que esta orde económica cubra unha segunda nómina para unha persoa de apoio, xa que "unha soa traballadora ou traballador ten xornadas nas que ten que estar na oficina resolvendo xestións administrativas e na rúa falando cos asociados e asociadas case ao mesmo tempo, polo que unha persoa de apoio facilitaría moito as tarefas que realizan os e as xerentes", afirma López.

Estas axudas económicas recibírona outros cinco centros comerciais abertos e prazas de abastos de concellos da área de Santiago: o de Arzúa, Ordes, Padrón e dous en Compostela.

Un total de 80 establecementos participan na XXIII campaña 'Este Nadal toca en Melide'

Cartel da campaña 'Este ano toca en Melide' para este Nadal de ASETEM - CCA. / Foto: Cerne

A vixésimo terceira campaña de ASETEM - CCA, 'Este Nadal toca en Melide' repartirá 6.000 euros en premios no seu tradicional sorteo, polo que se recupera o importe anterior á pandemia. O pasado 1 de decembro arrincaba a nova edición da iniciativa que cada Nadal a entidade empresarial celebra nos comercios asociados da comarca. Este ano participarán oitenta establecementos, o que afirma a boa acollida que esta iniciativa ten cada ano e que dende a directiva da asociación esperan que se traslade tamén á clientela, "confiamos en que a poboación volva apostar polos establecementos de proximidade para facer as súas mercas de Nadal porque non é necesario moverse de Melide para atopar agasallos de todo tipo".

O principal obxectivo desta actividade é o fomento e impulso das compras nos comercios melidenses premiando a fidelidade da clientela mediante o sorteo de vales de compra para gastar nestes mesmos establecementos. Para levar a cabo esta acción de promoción as tendas obsequiarán á súa clientela con rifas ao realizar compras de calquera importe entre o día 1 de decembro e o 14 de xaneiro de 2022.

Ese mesmo día, co remate da iniciativa ás 20:30 horas celebrarase no Centro Sociocultural Mingos de Pita a gala do sorteo de Nadal para repartir os premios: un de 2.000 euros, dous de 1.000, e catro de 500 euros. A maiores, entre os asistentes ao evento sortearase un bono para unha viaxe de fin de semana para dúas persoas. Nesta gala participará o grupo de música melidense 'Leirabuxo' e tamén a cantante, presentadora e imaxe de ASETEM – CCA, Tania Veiras que animarán o acto. No sorteo extraeranse un total de catorce números, sete como titulares e outros sete para a reserva. En caso de non poder acudir ao evento as combinacións gañadoras publicaranse nas redes sociais de ASETEM (instagram, facebook, twitter e bandomóvil), na edición de xaneiro deste xornal e na páxina web.

Os vales de compra sorteados entregaranse na gala do día 14 de xaneiro, agás aos premiados non presentes no evento que se fará nas oficinas de entidade nos días seguintes ao sorteo. Os premios poderán gastarse nun prazo de quince días en calquera dos negocios participantes na campaña e a compra total deberá ser, polo menos, a do importe mínimo do vale.

A directiva da asociación empresarial da Terra de Melide quere agradecerlle de xeito especial aos asociados e asociadas o seu compromiso coa entidade nesta campaña tradicional de Nadal que tanto éxito ten entre a veciñanza. Para consultar as bases e os establecementos participantes poden entrar na páxina web: www.asetem.com no apartado dedicado a noticias.

Estética Meixela é o único centro da comarca que ofrece servizo de láser todos os días do ano

Nuria Carreira, responsable do centro, coa máquina de láser. / Foto: Meixela

O Centro de Estética Meixela, asociado á ASETEM - CCA, é o único centro da comarca con servizo de láser todos os días do ano. Esta novidade é posible grazas á adquisición da máquina de láser protheus. A responsable deste establecemento, Nuria Carreira, destaca que "se Meixela crece é debido á confianza que toda a clientela deposita en nós".

Este sistema de depilación láser emprega unha luz policromática para eliminar a raíz do pelo. Este é o método máis versátil xa que o seu espectro de luz ten un rango máis amplo que outros sistemas de depilación permanente. Ademais, conta con filtros para recortar e focalizar o rango de acción da luz para poder dirixila de maneira eficaz aos folículos tanto superficiais como profundos.

O tratamento é personalizado e adaptado a cada persoa polo persoal especializado do centro de estética melidense. Dende Meixela fan fincapé en que "este mecanismo tamén é eficaz nun amplo rango de tipos e cores de pelo, é un dos equipos máis rápidos do mercado e eficaz en peles bronceadas". Outra característica do láser protheus é a gran rapidez que ten en canto a resultados, debido a que xa se poden observar dende a primeira sesión. Por último, Nuria Carreira tamén sinala que o método "é practicamente indoloro" e anima a toda a poboación da contorna a probalo e "non esperar a que cho conten".

Unha clienta de Romero Zapaterías gañadora de 250€ dos 'Días Azuis'

A fachada de Romero Zapaterías en Melide. / Foto: Cerne

Unha clienta de Romero Zapaterías, membro da Asociación de Empresarios e Empresarias da comarca da Terra de Melide, gañadora dunha das tarxetas moedeiro sorteadas na campaña de 'Días Azuis' da Federación Galega de Comercio.

Unha edición máis, os establecementos de proximidade melidenses sumáronse á iniciativa de 'Días Azuis' para promover e impulsar as vendas en meses con menor actividade. Nesta ocasión, foi Merche García a persoa afortunada que consegue unha tarxeta de 250 euros para gastar de novo no comercio local. A entrega do premio farase nas vindeiras semanas na sede de ASETEM - CCA.

A academia O Pequeno Besbello imparte os talleres de memoria a maiores nas parroquias

Andrea González e Manuel Mariño, responsables da academia O Pequeno Besbello. /Foto: Cerne

A academia asociada á Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide, O Pequeno Besbello, imparte este curso os talleres de memoria, organizados polo Concello, para persoas maiores nalgunhas parroquias melidenses.

Andrea González e Manuel Mariño, os responsables desta academia e encargados de dar estes talleres de memoria, afirman que este novo proxecto os entusiasma e ilusiona moito, dado que lles permite ter máis contacto coas persoas maiores, un colectivo co que eles no seu centro non teñen actividade.

A maiores, Manuel Mariño fai fincapé na necesidade de realizar estas actividades para as persoas da terceira idade porque foron un dos grandes afectados polo confinamento e a pandemia da COVID - 19, polo que o feito de ir a estes obradoiros é unha maneira de volver socializar e activarse. Para as persoas da terceira idade o poder volver ter certa vida social, apórtalles beneficios a moitos niveis como, por exemplo, ao estado de ánimo. Ademais, Andrea González define estas sesións como "ir ao ximnasio do cerebro", dado que nestas idades o deterioro é inevitable pero podemos conseguir retrasalo o máximo posible e se o poden facer preto do seu domicilio e coa súa veciñanza máis próxima aínda mellor para o alumnado.

Estes talleres de memoria, organizados pola administración municipal, foran suspendidos por mor da pandemia e, agora que as circunstancias o permiten vólvense impartir nos lugares nos que hai un grupo mínimo de tres persoas. As parroquias nas que se dan os talleres son: Moldes (os luns de 9:30 a 11:00 horas), San Salvador (luns de 9:30 a 11:00 horas), Maceda (mércores de 11:30 a 13:00 horas) e San Martiño (mércores de 11:30 a 13:00 horas). Para anotarse a esta actividade chega con chamar ao 981 50 57 06.

As persoas que queiran complementar o exercicio mental co físico tamén poden inscribirse a ximnasia de mantemento nas parroquias de: Furelos (luns de 10:30 a 11:30 horas), Moldes (luns 17:15 - 18:15 horas), San Salvador (luns 20:00 - 21:00 horas), Grobas (martes de 21:00 a 22:00 horas), A Garea (xoves de 20:30 a 21:30 horas), Maceda (mércores de 20:30 - 21:30 horas) e San Martiño (os venres de 10:30 a 11:30 horas). En definitiva, o Concello pon en marcha dúas actividades complementarias para o desfrute da poboación do rural.

centro auditivo

solicita tu **REVISION GRATUITA**

ÓPTICAStábora

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E. 15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

ENTREVISTA AOS RESPONSABLES DE SUPERMERCADOS GÓMEZ - COVIRÁN

“En Covirán temos todo o necesario para soprender aos comensais en Nadal con produtos de calidade e de cercanía”

A competencia no sector da alimentación cada vez é maior na vila polo que diferenciarse é unha necesidade imprescindible. En Supermercados Gómez - Covirán téñeno claro, esta pequena tenda diferénciase pola calidade dos produtos e o trato personalizado que recibe cada cliente ou clientela. Non obstante, para que eles poidan seguir traballando a veciñanza ten que poñer da súa parte e apostar por realizar as súas mercas diarias no comercio local, porque sen clientela os negocios de proximidade non teñen sentido.

- Que produtos temos en Covirán para poder regalar este Nadal?

- Yolanda Cabanas (Y.C): Pois este ano temos unha nova liña de perfumería que sacou a cooperativa de Covirán, ideal para agasallar no Nadal. Logo, tamén temos unhas tixolas de moi boa calidade, lotes de xamóns ou estoxos de viños de proximidade. A maiores temos todo o necesario para sorprender aos nosos comensais nestas datas cunhas elaboracións moi saborosas, xa que vendemos marisco e peixe de calidade, cordeiro (que sempre ten que ser por encarga) e turróns ou doces para chuparse os dedos.

Rubén Gómez e Yolanda Cabanas responsables de Supermercados Covirán na súa tenda en Melide. / Foto: Cerne

- No sector do comercio estase recomendando realizar as mercas dos agasallos con antelación, pasa isto tamén coa comida?

- (Y.C): Non, nós aquí aínda non notamos esa crise de desabastecemento da que se fala noutros sectores como o dos xoguetes ou a roupa. É certo que, ao mellor, algunhas bebidas alcohólicas en concreto como algunha determinada xenebra pode ser preferible encargala con tempo para asegurarse de tela pero o resto de artigos que temos non é preciso mercalos con antelación. A veciñanza da comarca pode estar tranquila que os produtos para facer as comidas de Noiteboa, Nadal, Fin de Ano e Aninovo pódense mercar os mesmos días que o ano pasado que en Supermercado Gómez - Covirán imos ter todo o necesario para desfrutar dunhas elaboracións de primeira e con artigos de proximidade, dos produtores locais.

- Logo do confinamento comentastes que a veciñanza se estaba volcando moito cos comercios de proximidade, segue latente esa tendencia?

- (Y.C): A xente durante o tempo que estivemos sen poder saír comezou a valorar os establecementos que ten ao lado da casa pero é certo que co paso dos meses diminuíu un chisco. Porén, xa non sei tampouco se é polo feito de que se perdeu un pouco esa tendencia, se pola crise económica ou pola inceteza coa que vivimos nestes tempos. Logo tamén hai xente que sigue apostando polo comercio da vila e merca todos os días que poden neles.

- Estamos nun momento con gran competencia no mundo da alimentación.

- (R.G): Moitísima competencia e cada vez máis. Nós intentamos tratar á xente con moito cariño, como se fosen da familia, levámoslle a merca á casa sen un importe de gasto mínimo, e ofrecemos produtos de gran calidade e de proximidade para que a xente prefira facer a compra aquí e non nunha gran superficie.

(Y.C): O traballar dentro dunha cooperativa permíteche ter marcas que atopas nos hipermercados a un prezo co que podes competir e, ao mesmo tempo, ter artigos dos produtores locais. A nosa finalidade é que a xente logo de vir unha primeira vez repita, principalmente, porque lle gustou a calidade do produto, a parte do trato e o prezo.

Ademais, as administracións teñen que axudar máis ao comercio local porque a competencia non deixa de medrar e chega un punto no que competir con grandes superficies e practicamente imposible.

(R.G): Estamos nun momento no que non sei nin como aguantamos os negocios pequenos na vila, no noso caso temos a sorte de non ter que pagar un aluguer polo baixo e que podemos deixar o cativo cos avós porque senón sería inviable, xa que te acaban comendo ou absorbendo os grandes establecementos.

- Hai relevo xeracional na vosa clientela?

- (Y.C): Haino pero vai lento porque as persoas máis novas teñen un ritmo de traballo e vida que moitas veces non lles permite cadrar os horarios para vir mercar a comercios locais coma este, nós non podemos estar abertos ao mediodía, temos que facer horario partido e moita xente traballadora fai as mesmas horas, polo que nas grandes superficies teñen máis opción para mercar nestes horarios.

- Para vós imaxino que non pode ser sinxelo conciliar.

- (R.G): Non é nada fácil. No noso caso procuramos coordinarnos para que sexa posible traballar e descansar algo durante a semana porque se fas caso ao que fan os hipermercados pasas aquí na tenda as vinte e catro horas do día. Logo temos a gran sorte de poder tirar moito dos avós para que se fagan cargo do neno mentres nós estamos aquí porque senón traballando os dous con estes horarios seríanos case imposible. En Melide tabállase de luns a domingo durante todo o ano, agora empezamos a pechar os sábados pola tarde pero despois toda a semana a pé do canón, o que complica aínda máis a conciliación laboral e familiar dos traballadores.

Algúns dos produtos do supermercado para este Nadal. / Fotos: Covirán

ENTREVISTA A JOSÉ ANTONIO MEJUTO DE CASA MEJUTO

“O noso maior orgullo despois de tantos anos é ter un selo propio, receitas únicas e en exclusiva de Casa Mejuto”

En Casa Mejuto respírase familiaridade, experiencia e autenticidade. Un espazo cheo de innovación e de continuo aprendizaxe que dan como resultado produtos como o viño espumoso ou os coñecidos licores. Casa Mejuto é unha empresa das que axuda a colocar a vila de Melide no mapa imaxinario de decenas de persoas de todos os recunchos de España. Un negocio de proximidade no que o trato coa clientela tamén marca a diferenza, xa que calquera das traballadoras e traballadores desta entidade sempre están á disposición do usuarios e usuarias que visiten as súas instalacións, situadas na Ronda de Pontevedra, 79 - baixo. Para as persoas que non poidan achegarse ata Melide tamén teñen o número de teléfono 981 50 77 62 ou o correo electrónico info@casamejuto.com.

José Antonio Mejuto no almacén de Casa Mejuto xirando unhas botellas de viño espumoso. / Foto: Víctor Espiño

- Pódese dicir que o éxito de Casa Mejuto é a unión da tradición e a vangarda?

- José Mejuto (J.M): Penso que si. A fórmula para consolidarse no mercado é a constante innovación, intentar mellorar sempre os produtos e formarse con grandes profesionais. Un artigo antes de sacalo á venda require de moitas horas de traballo previo, por poñerche un exemplo concreto, o espumoso tivo un proceso de investigación de tres anos.

- A formación é un factor fundamental no voso sector.

- (J.M): Totalmente. Nós estamos continuamente facendo cursos, algúns deles fóra de aquí, asesorándonos cos mellores enólogos, estudando, etc. Ademais, en Casa Mejuto levamos as nosas costas unha ampla traxectoria, moitas horas de voo neste negocio, o que nos permite ir coñecendo bos profesionais dos que aprender. O secreto da formación está en que canta máis teñas máis independente serás nas túas receitas porque tes unha cantidade de armas coa que podes facer algo distinto aos demais, cousa que sen a formación é practicamente imposible.

- Casa Mejuto ten artigos exclusivos grazas a esas receitas únicas.

- (J:M): Nós non descubrimos nada novo, xa había licores, cremas ou espumosos. Non obstante, fixemos o máis complexo que é crear o teu propio produto co teu selo particular e iso foi algo que en Casa Mejuto conseguimos. Temos arredor de vinte elaboracións no mercado que levan o noso selo, é dicir, son receitas exclusivas nosas e ese é o noso orgullo máis grande.

- Que queredes transmitir coa marca ‘da nosa casiña’?

- (J.M): Hai dous tipos de licores: o que lle gusta a case todo o mundo, que é o que leva unha gradación moderada; e por outra banda, está o que é máis intenso, cunha maior graduación, para que nos entendamos con máis sabor a augardente. Este último gústalle a un menor número de persoas pero para os que deseñamos esta liña chamada ‘da nosa casiña’ porque precisamente recorda moito aos sabor dos licores de antes, ós máis tradicionais.

- O viño espumoso de Casa Mejuto ten unha gran acollida cada ano.

- (J.M): Si, o ano pasado aínda nas circunstancias nas que estabamos foi un éxito. Nós o que queremos conseguir é que a xente vexa que o viño espumoso que se elabora en Galicia de xeito tradicional é de gran calidade. Este viño pode acompañar uns aperitivos, un prato de peixe ata incluso unha carne e unha sobremesa. Isto débese a que é un artigo que non leva azucres engadidos, é moi natural polo que non se fai pastoso, ao contrario, axuda á dixestión. Outro tópico ou costume que queremos cambiar é o asociar o viño espumoso cunha celebración ou día especial, isto vén de que antigamente estes produtos viñan de fóra e por iso se reservaban para esas datas máis sinaladas. Non obstante, podemos mudar ese concepto porque realmente non é un viño que teña un prezo excesivamente alto e poderiamos desfrutar de dúas particularidades: primeiro, dun viño que ten dúas fermentacións polo que aparecen outros aromas máis intensos; e segundo, hai que ter en conta que é unha elaboración de case dous anos, o que implica que sexa un viño máis evolucionado, con maiores matices.

- Ata onde chegan os voso produtos?

- (J.M): A puntos de toda España. Coa nosa páxina web casamejuto.com estamos vendendo a moitos lugares do Estado e, incluso, ao estranxeiro. A maiores, toda a clientela que vén visitarnos á tenda física que non só é de Melide, senón tamén dos concellos e cidades máis próximas ou visitantes e peregrinos que pasan pola vila. A clientela presencial axúdanos moito, xa que nós intentamos tratalos o mellor posible para que volvan e iso despois provoca o boca a boca que nos permite chegar a cada vez máis persoas.

- Estase a falar moito do desabastecemento de certos produtos e materiais, vós xa o notades?

- (J.M): Tivemos que andar fino co tema de pedidos e aumentamos ao dobre a provisión de insumos porque é certo que está habendo un problema serio de desabastecemento no mercado e tamén un encarecemento dos prezos. Polo tanto, nós estamos intentando aguantar este ano todo o que poidamos pero para xaneiro de 2022 vai haber artigos que imos ter que subirlles o prezo porque nos empuxan a ter que facelo. Despois no noso caso decidimos dobrar o pedido tanto de botellas como de cartóns para previr o que poida pasar nestas datas pero claro, ao final acabaramos afectando porque por moito que encargues sempre haberá algún produto do que te vas quedar escaso. Non obstante, penso que sobre xaneiro e febreiro se estabilizará un pouco a cousa porque as vendas tamén irán a menos, polo que as fábricas que agora mesmo non dan feito tamén se lles vai caer despois a demanda.



Revisión Auditiva GRATUITA

CLÍNICA MÉDICA
RosaLmaR

Pide tu cita en ✆ **981 506 228**
Praza das Universidades, 5 bajo
15800 MELIDE - A Coruña

- **OTOSCOPIA- Exceso de cera**
- **AUDIOMETRÍA aérea y Ósea**
  Nivel pérdida auditiva
- **UMBRAL DE INCONFORT - Intensidad sonora**
  Evitar molestias auditivas
- **Información de SOLUCIONES AUDITIVAS**

ELECTROSAN

TODO LO NECESARIO PARA TU HOGAR A LOS MEJORES PRECIOS: VÉN Y PRUÉBALO!!

C/ Martagona, 13 - **MELIDE** (981 50 79 64) - electrosanmelide@gmail.com Electrosan

O RECIBO DA CONTRIBUCIÓN

O Imposto sobre Bens Inmobles (IBI) ou contribución é un imposto que grava a titularidade sobre bens inmobles, gravando o valor catastral dos mesmos.

O valor catastral dos inmobles vén determinado pola Dirección Xeral do Catastro, que é o organismo que fai o censo dos bens e lles asigna o valor. O Catastro fai regularizacións de bens ou actualizacións de valores, unha veces a petición dos Concellos, e outras veces por cambios lexislativos ou de oficio. O obxectivo destas regularizacións é encontrar inmobles que non están declarados, ou modificacións e ampliacións dos xa existentes.

Unha vez que feitas as regularizacións, envíanselle notificacións coas variacións aos interesados dende a Xerencia Rexional do Catastro, comunicando as alteracións que se atoparon; que poden indicar cambio de uso (rústico a urbano), ampliación de metros, novas construcións... Ademais, nestas cartas sempre se indica o ano que os cambios adquiren firmeza, que pode dar lugar á liquidación de atrasos.

Estas notificacións do Catastro permiten facer alegacións, xa que poden estar erradas imputando bens que non son nosos, por razón de metros, etc... Unha vez que estes valores adquiren firmeza, os datos son pasados aos Concellos ou Deputacións para proceder ao cobro do IBI cos datos actualizados.

Se o ano de actualización que aparece na carta do Catastro é anterior ao ano en curso, pasaranse recibos complementarios dos anos non prescritos, pola diferenza entre o recibo que se pagou e o que se debería haber pagado polo novo valor catastral.

En todo este proceso, os Concellos teñen potestade para modificar o tipo impositivo, entre un mínimo de 0,40% e un máximo de 1,1% que é o que marca a Lei Reguladora de Facendas Locais para os inmobles urbanos, estes tipos impositivos serán do 0,30% de mínimo e do 0,90 % de máximo para bens rústicos. Estes tipos impositivos apróbanse en ordenanza municipal e entran en vigor ao ano seguinte de aprobación, nunca se poden aplicar con carácter retroactivo.

A modo de exemplo, se tiñamos unha vivenda con un valor catastral de 30.000 €, en Melide pagaría 135,00 € ao tipo impositivo actual do 0,45%. Se a esa vivenda lle asignan un valor catastral de 50.000 €, a cota tributaria co novo valor sería de 225 €. Se a data de efectos do novo valor fose do ano 2017, pasaríannos un recibo complementario por cada ano dende o 2017 ata a actualidade de 90 €, que é a diferenza entre o que se pagou en cada exercicio e o que se debería haber pagado co novo valor catastral.

A potestade que ten o Concello é de baixar o tipo impositivo ata o 0,40% (é dicir, un 0,05 % menos), o que suporía, no exemplo anterior unha rebaixa de 25 € anuais, e sempre a futuro, nunca se podería aplicar sobre os anos atrasados.

CC Xestión

ESTE MES *LATEXO LOGOPEDIA* CÓNTACHE..."

Cristina Fernández Barros
Nº col. 15/0099

latexo
logopedia
Rúa Rosalía de Castro, 3 Melide

Os meus artigos seguen unha cadea lóxica dentro das afectacións coas que traballamos as logopedas dende o nacemento ata a vellez. Mais este mes, celébrase o Día Mundial da Deglutición, e estando especializada en disfaxia orofarínxea, cambiamos o rumbo.

A disfaxia é unha alteración no proceso de deglutición que se caracteriza por dificultades para preparar ou transportar o alimento dende a cavidade oral ao estómago. Este trastorno caracterízase por presentar sinais e síntomas específicos na seguridade e eficacia da deglutición, con prexuízo de aspectos nutricionais, hidratación, función pulmonar e integración social do individuo (Fonte: Furkim- Silva, 1999).

Na sintomatoloxía relacionada coa falta de eficacia poderemos encontrar: dificultade para o peche labial (perda de alimento cara ao exterior e babeo); residuo oral e/ou farínxeo (poden provocar infeccións respiratorias); deglutición múltiple ou fraccionada (o bolo alimenticio non pasa dunha soa vez cara ao esófago, por coordinación muscular inadecuada); regurxitación (saída do alimento polo nariz ou regresando á boca); atragoamentos frecuentes (con líquidos, sólidos ou ambos). Consideraranse alteracións da seguridade: tose antes, durante ou trala deglutición; carraspeo frecuente asociado á inxesta; voz húmida ou cambios na voz trala deglutición; desaturación de osíxeno con cambios na frecuencia cardíaca.

A logopeda encárgase da avaliación e o tratamento da disfaxia (orde CIN/ 726/ 2009 de 18 de marzo). Realizarase unha recollida de datos e a avaliación da voz, das estruturas orofaciais así como dos reflexos intraorais e da sensibilidade. Para unha avaliación completa, totalmente inequívoca, deberíase complementar coa valoración instrumental, mediante NFD (nasofibroscopia de deglutición), videofluoroscopia e/ou manometría, realizadas por un médico especialista ORL.

Unha vez temos o diagnóstico, a logopeda comeza a traballar, de forma directa e indirecta. O tratamento indirecto consistirá en traballar sobre as estruturas orofaciais e a sensibilidade valéndose de estímulos térmicos, táctiles e gustativos que axudarán á mobilidade e á regulación da propiocepción e sensibilidade sen alimento. O tratamento directo, será con alimentos, manobras compensatorias, cambios na dieta, adaptación de consistencias, volumes ou utensilios. O labor da logopeda será restituír a función alterada e se non é posible, que afecte o menos posible á calidade de vida.

A disfaxia é unha entidade patolóxica en si mesma polo que unha persoa sen enfermidade de base ou sintomatoloxía subxacente, pode presentar disfaxia por razóns musculares ou sensitivas. Existe a alteración na deglutición pola idade (presbifaxia). A musculatura perderá elasticidade e forza, haberá cambios na sensibilidade e perda de pezas dentarias que condicionan a deglutición. Pero é máis frecuente que se presente asociada a cadros patolóxicos, como: síndromes xenéticas, cancro de cabeza e pescozo, dano cerebral adquirido (traumatismos craneoencefálicos, parálise cerebral, ictus, etc.) ou enfermidades neurodexenerativas (párkinson, alzheimer, esclerose múltiple, ELA, ataxia, corea de Huntington, etc.) entre outras.

Con todo, a logopedia non é unha especialidade que por lei estea nas unidades de paliativos nin en centros para maiores. De aí a importancia da divulgación, que se saiba que podemos axudar e mellorar a calidade de vida das persoas con disfaxia.

Teléfono:
642 007 210

O Concello organiza o Nadal Máxico con actuacións para todas as idades

O Cantón de San Roque co alumeado e a decoración para este Nadal. / Foto: Turismo de Melide

O Concello de Melide organiza un Nadal Máxico con actuacións e actividades para todas as idades.

Xunto co acendido das luces de Nadal, repartidas por toda a localidade e as diferentes parroquias, e a colación do Belén artesanal no baixo do edificio da Casa Consistorial, son moitos e diversos os espectáculos programados para esta tempada como obras de teatro para todos os públicos, a 'Casiña Máxica dos Contos', o festival de panxoliñas e actuacións de maxia.

A maiores, os socios e socias do Centro Social recuperan este ano a tradicional festa de Nadal que se celebrará o vindeiro domingo 26 ás 17:00 horas e contará coa música do grupo Son Remolino, tamén se celebrará a festa de Ano Novo o domingo seguinte no mesmo lugar e á mesma hora que a de Nadal.

Unha das novas desta programación é a chamada 'Casiña Máxica do Contos', unha caseta especial que se vai situar no Cantón de San Roque, xunto ao resto de adornos de Nadal, na que os días 29, 30, 2, 3, 4 e 9 haberá contacontos en diferentes horarios para que todos os nenos e nenas de Melide poidan gozar desta actividade, a entrada será por orde de chegada ata completar o aforo da caseta.

Outra actividade destacable é a demostración do alumnado das escolas culturais de teatro, ballet e baile moderno da vila no Centro Sociocultural Mingos de Pita, o martes 28 ás 17:00 horas. A maxia tamén terá os seus ocos o 2 de xaneiro da man do melidense Dani Polo e o día 9 do mesmo mes co espectáculo 'No Nadal toca...maxia".

Unha das actividades máis esperadas polos cativos e cativas é a cabalgata dos Reis Magos, sobre ela a Concelleira de Turismo, Maika Basalo afirmou que teñen todo preparado para que "este ano volva ser unha cabalgata en movemento como as que se viñan celebrando todos os anos pero estamos pendentes de que a situación epidemiolóxica nolo permita". Dun xeito ou doutro, a cabalgata das súas maxestades de Oriente vaise celebrar o 5 de xaneiro ás 18:00 horas.

A Coral Polifónica de Melide tamén recupera o tradicional festival de panxoliñas que terá lugar o próximo sábado 18 ás 20:30 horas no Centro Sociocultural Mingos de Pita, un evento especial con moi boa acollida por parte da veciñanza e os visitantes que a entidade musical decidiu volver retomar este Nadal.

Moraima A Granel organiza unha actividade de troco solidario de libros entre a veciñanza

A caixiña dos libros solidarios na fachada de Moraima A Granel. / Foto: Cerne

O establecemento Moiraima A Granel, socio de ASETEM, organiza unha actividade de troco solidario de libros entre a veciñanza.

Esta iniciativa comezou porque a responsable deste comercio local, Uxía Alonso, tiña claro que "este Nadal todos merecemos un agasallo e ao mellor algunhas familias cóstalles telos", por iso mesmo pensou nos libros xa que "case sempre temos algún libro na casa ao que non lle damos tanto valor e poden vir a Moraima e encontrar outro que lle pareza interesante", comenta Uxía Alonso.

Para participar neste troco de libros non é preciso mercar nada no establecemento, a única condición é deixar unha publicación para poder coller outra. Nesta caixa hai libros para todas as idades, polo que os cativos e cativas da casa tamén poden participar no intercambio, dado que hai publicacións para as idades máis temperáns.

Esta actividade solidaria é un reflexo da forma de pensar e facer de Moraima A Granel, unha tenda na que a sostibilidade e o consumo consciente son as columnas sobre as que se sostén este pequeno negocio.

Ademais, Uxía Alonso xa nos adiantou que ante a boa acollida desta iniciativa entre a poboación a caixa dos libros vaise manter máis tempo do previsto, xa que nun primeiro momento a idea é que fose unha actividade puntual para o Nadal pero dada a demanda seguirá máis tempo.

Máis de vinte locais participan no concurso de escaparatismo que finaliza o 30 de decembro

Un dos escaparates participantes, o do comercio Diva Pro. / Foto: Cerne

O concurso de escaparates organizado polo Concello de Melide conta con vinte e un comercios locais participantes, dos cales catorce son asociados a ASETEM - CCA.

Os establecementos que van competir cos seus escaparates especiais de Nadal son: Librería Victorio, Romero Zapaterías, Pasarela, Diva Pro, Xoiería Silvela, Flor de Toxo, Pequeniños Zapatería Infantil, Carnicería Cardelle, Salacadula Shop, Toysmaniatic, Moraima A Granel, Mobles Ares, Mis Mejores Labores, Perfumería Lyss, Manualidades Creati, Feitura traxes tradicionais e complementos, Librería O Cruceiro, Inmobiliaria Estudio Técnico PG, Cousas Novas e Armeria Rúa.

O xoves 30 de decembro anunciaranse os comercios gañadores do concurso.

O ciclo de madeira do IES consigue o premio de boas práctias de educación inclusiva 2021

O alumnado do ciclo de madeira do IES de Melide na competición de Galiciaskills 2021. / Foto: IES de Melide

O departamento de madeira do IES de Melide recibiu o primeiro premio de boas prácticas de educación inclusiva 2021 grazas ao glosario, realizado hai uns meses, no que se recompilaron os vocablos máis empregados na aula en Linguaxe de Signos coa finalidade de facilitar a inclusión no eido educativo do alumnado con discapacidade auditiva que queira realizar este ciclo.

Este glosario leva asociado un gran traballo de investigación previo que se desenvolveu grazas á colaboración do Ciclo de Madeira do centro de educación secundaria melidense co departamento de Lingua Galega e a intérprete de signos Lola Corzo García. Ademais, este traballo transcende o ámbito do ensino, pois foi moi ben recibido polo sector produtivo, pois ata o de agora non había ningunha recompilación de vocábulos deste sector na Linguaxe de Signos e facilita a incorporación ó sector de persoas con discapacidade auditiva.

Este traballo levado a cabo polo IES supón un exemplo a seguir para outros centros educativo na procura dunha sociedade en xeral, e unha educación en particular, máis equitativa e xusta para toda a cidadanía.

Juan Curros recibe o distintivo de permanencia en Protección Civil tras 28 anos de servizo

O alcalde de Melide e Juan Curros na entrega de medallas. / Foto: C. Melide

O veciño melidense recibiu o pasado 28 de novembro na entrega de medallas de Protección Civil o distintivo de permanencia.

Juan Curros recibiu o distintivo de permanencia por levar máis de vinte e oito anos ao fronte da corporación de Protección Civil do municipio de Melide. O alcalde da vila, José Manuel Pérez, fixo fincapé na "importancia que ten a agrupación local de emerxencias, sempre disposta a axudar e a colaborar nas incidencias que nos atopamos no noso día a día".

O evento celebrado na Axencia Galega de Seguridade Pública, no concello de A Estrada. Neste acto recibiron as condecoracións correspondentes ás edicións 2020 e 2021 máis dun centro de membros de Protección Civil.

Presentación do libro 'A unha voz na metade do reino. 500 Anos da Xunta de Melide'

O 4 de decembro, para conmemorar o 501 aniversario da Asemblea de Melide, feito histórico que se celebrou no municipio e que consistiu na xuntanza de nobres e prelados na que se adoptaron decisivos acordos para o Reino de Galicia, presentouse o libro 'A unha voz na metade do reino. 500 Anos da Xunta de Melide'.

O Centro Sociocultural Mingos de Pita foi o lugar escolmado para presentar esta publicación, un evento ao que asistiron: o presidente do Parlamento de Galicia, Miguél Ángel Santalices; Rosario Álvarez, presidenta do Consello da Cultura Galega; o alcalde da vila, José Manuel Pérez; a técnica do Museo Terra de Melide, Cristina Vázquez; o catedrático de Historia Moderna da USC e coordinador do libro, Pegerto Saavedra; e o estudoso da Universidade de Vigo, Antonio Presedo. Fíxose fincapé, na necesidade de que a poboación galega coñeza feitos históricos tan importantes coma este e situar Melide e a súa historia no eixo dun fito relevante na Historia de Galicia. O alcalde afirmou que este fito da historia "debe ser recordado todos os anos cos melidenses como anfitróns".

Esta publicación está dividida en tres volumes: "A Xunta e os seus obxectivos", "Os poderes señoriais e o poder real" e "O territorio".

O pleno aproba un crédito extraordinario para o tratamento de augas residuais da Madanela

Fotografía dun intre da sesión plenaria do Concello de Melide. / Foto: C.Melide

O Concello de Melide aprobou por unanimidade en pleno extraordinario, o pasado 26 de novembro, un expediente de modificación orzamentaria vía crédito extraordinario por un valor de 1.535.814,36 euros para afrontar o investimento do proxecto de conexión de augas fecais do polígono industrial da Madanela co saneamento da vila. O proxecto irá con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais.

Como xa é de costume, o pleno desenvolveuse nun clima de tensión e cheo de acusacións entre as bancadas da oposición e as do goberno municipal. Por unha banda, o alcade melidense, José Manuel Pérez, afirma que o polígono industrial nace e amplíase sen contar cunha depurado e que cando eles chegaron ao poder non había "nada resolto" no que respecta a este tema. Ao mesmo tempo, o rexedor local lamentou que dende a Xunta de Galicia se puxese Melide como "exemplo de mala xestión" das augas residuais cando o Concello, "tivo que lidiar con atrancos de todo tipo, como as dilacións na adquisición do terreo dos solares de referencia", xa que o proxecto sitúa a estación de bombeo nunha parcela que non é de titularidade municipal, é unha propiedade privada.

MERCAR EN MELIDE
Todo un acerto
ESTE
Nadal
TOCA
en MELIDE
2021
14 DE XANEIRO DE 2022
CENTRO SOCIOCULTURAL MINGOS DE PITA, ÁS 20:30 H
6000€
SORTEO
DURANTE A GALA, ENTRE OS ASISTENTES:
DUNHA TARXETA REGALO PARA UNHA VIAXE
ACTUACIÓN DE
Tania Veiras
E Leirabuxo
PASS
CentroComercialAberto
CCA
ASETEM
XUNTA
DE GALICIA
Concello de Melide
Mercar en Melide
Como de Galicia

este Nadal
Merca en Melide
Concello de Melide
Merca en Melide
Cerne de Galicia
OCA Melide
ASETEM

Recambios VULCANO

Tfnos.: 981 506 218
637 210 110
677 409 007

Avda. de Lugo, 99
15800 MELIDE
(A Coruña)

- Recambios agrícola, camión, vehículo, industrial
- Hacemos todo tipo de latiguillos hidráulicos
- Distribuidores Husqvarna

Salacadula shop



Unha tenda diferente con xoguetes de madeira e envíos gratuítos!

Avenida das Américas, 3
15800 - Melide
Teléfono: 698 18 08 82
www.salacadulashop.es

RIBEIRAO
DISTRIBUCIONES - DESDE 1912

RIBEIRAO
VIÑOTECA

C/ Convento Nº 12,
15.800, Melide (A Coruña)
981 505 018
info@distribucionesribeirao.com
www.distribucionesribeirao.com
@vinoteca_ribeirao

MANSO

Pastelería - panadería - café - bar

Rúa Cantón de San Roque, 17
Melide - A Coruña
Teléfono: 981 50 79 87
panaderiamansoadmi@gmail.com

Escala 5.9
Espectáculos
TREBOL
SIN LA TREBOL NO HAY FIESTA
PARIS DE NOIA
ASSIA
Los Satelites
FINISTERRE
MARBELLA
Grupo Bomba
NEW YORK
La OCABAND
FANIA BLANCO SHOW
PLAYERS
60 ANIVERSARIO
PA' Q LO BAILES, PA' Q LO GOCES
LOS COLEGUITAS
OLYMPUS 2022
Miguel 609 923 888
Tania 689 828 339
escalaEMespectaculosotmail.com
Rúa Galicia 26 bajo
MELIDE (A Coruña)

Tchin Tchin
ESPECIAL FELICES FIESTAS
TU 2º Y 3er
PAR DE GAFAS
POR 1€ MÁS*
« Para ti o para regalar a quien más quieres »
C/ RONDA DE CORUÑA, 16. MELIDE (E- 15- 001258)
981 50 60 97
ALAIN AFFLELOU
*Promoción válida del 30/11/2021 al 31/01/2022 en todas las ópticas de ALAIN AFFLELOU de España y Andorra. Ver condiciones en óptica o en affelou.es.

Oito de cada dez habitantes da comarca Terra de Melide falan sempre en galego

Veciñanza da comarca na Praza das Coles de Melide facendo as mercas nun día de mercado. / Foto: Turismo Melide

O 87,85% da poboación da comarca Terra de Melide fala sempre en galego, así o indica os últimos datos do Instituto Galego de Estatística (IGE).

Nos catro concellos da contorna o galego é a lingua maioritaria sen ningunha dúbida, os datos por municipios son os seguintes: Melide é a poboación da zona con menor porcentaxe, un 72,1% da veciñanza usa sempre o galego; séguelle Sobrado co 88,6%; na seguinte posición está Santiso co 93,5%; e en primeiro lugar, Toques co 97,2%.

Os datos amosan que a boa saúde da que goza a lingua galega na nosa comarca, a pesares disto, este estudo revela que se nos fixamos nos tramos de idade a cousa muda, xa que canto máis nova é a persoa menos fala en galego. Esta pode ser unha das explicacións de por que a Terra de Melide é unha das zonas nas que máis se emprega o galego, dado que a media de idade supera os 55 anos.

Noutros concellos limítrofes como Arzúa (79,6%), Boimorto (89,3%), Palas de Rei 81,6%) ou Agolada (86,3%) o galego tamén é o idioma preferido para falar sempre por parte da súa veciñanza. Pola contra, nas cidades máis próximas, en Lugo (32,9%) e Santiago (35,9%) o uso xa é baixo.

Os Concellos aproban os festivos do vindeiro ano

Unha axenda cos festivos do vindeiro ano 2022. / Foto de arquivo

Os Concellos veñen de aprobar os festivos locais do vindeiro ano e xa foron publicados pola administración autonómica no Diario Oficial de Galicia.

Melide terá como días festivos o 18 de abril (luns de Pascua) e 30 de xuño (San Pedro); en Santiso foron escolmados o 13 de xuño (San Antonio) e 14 de setembro (Santa Cruz); no caso de Toques os días non lectivos serán o 1 de marzo (Entroido) e 2 de setembro (San Antolín); e, por último en Sobrado as xornadas escollidas son o 1 de marzo (Entroido) e 29 de xuño (San Pedro).

No caso de Melide, este 2022 van cambiar un dos días festivos habituais como é o 16 de xullo, xornada da Festa do Carme, que ao caer en fin de semana se muda polo luns de Pascua. A estes festivos hai que engadirlles os oito nacionais e os catro autonómicos.

Sogama adxudica por case 1,2 M€ a construción da futura planta de transferencia de residuos que dará servizo a tres municipios da contorna

A Conselleira de Medio Ambiente, acompañada polo presidente de Sogama e membros da administración. / Foto: Cerne

A Xunta de Galicia, a través de Sogama, acaba de adxudicar o contrato para a construción para a nova planta de transferencia de residuos en Curtis á UTE ATE Cartago, por un importe total de 1.195.361,45 euros. Estas instalacións darán servizo aos concellos de Sobrado, Vilasantar e Curtis.

As novas instalacións substituirán á pequena planta que está actualmente dando servizo a estes municipios coruñeses. A futura planta de transferencia de residuos terá capacidade para xestionar 17.000 toneladas ao ano, será máis eficiente e funcional ca anterior, xa que a maiores de transvasar as fraccións de residuos correspondentes ao contedor amarelo (os envases de plástico, briks e latas) e colector xenérico, poderá acoller a materia orgánica recollida a través do contedor marrón.

As instalacións vanse construír no polígono industrial de Teixeiro nunha parcela de case 8.000 metros cadrados. A nova planta contará cunha nave de 600 metros cadrados, unha zona verde duns 1.300 metros cadrados e estará equipada cun compactador fixo, unha báscula, un sistema de translación con capacidade para tres contedores, un aparcamento para os propios contedores, un edificio para acoller as oficinas, os vestiarios e o almacén.

Ademais, estas instalacións alimentaranse con enerxía solar, a través de paneis fotovoltaicos para fomentar, deste xeito, o autoconsumo das instalacións mediante o aproveitamento de enerxías renovables. A planta, que dará servizo a Sobrado, está previsto que estea funcionando o vindeiro verán.

Estas instalacións quedará a disposición doutros quince concellos por se fora preciso. Esta planta de transformación de residuos engadirase á rede de infraestruturas deseñadas pola Xunta de Galicia para que a meirande parte dos municipios galegos adscritos a Sogama poidan acceder á valorización dos residuos orgánicos e conten cunha instalación a menos de 50 quilómetros.

Neste eido, a conselleira de medio ambiente, Ánxeles Vázquez, lembrou que as administracións municipais dispoñen de prazo ata o 31 de decembro de 2023 para implantar a recollida diferenciada da materia orgánica a través do contedor marrón e, aínda que se trata dunha competencia local, a Xunta de Galicia axudaralles a cumprir coas súas obrigacións legais.

O Concello de Toques recibe máis de 4.000 euros para correxir o impacto paisaxístico municipal

A Casa do Concello no municipio de Toques. / Foto de arquivo

O Concello de Toques recibe 4.797,84 euros para corrixir o impacto paisaxístico en equipamentos municipais.

Esta convocatoria de axudas está dentro dun programa pioneiro convocado polo Instituto de Estudos do Territorio (IET), da Xunta de Galicia, para avanzar na aposta da administración contra o feísmo.

O importe da subvención supón o 70% do custo total estimado da actuación a realizar. Os municipios galegos que recibiron esta axuda tiveron que executar os proxectos subvencionables antes do 31 de decembro deste ano.

Este programa do IET esgotou o orzamento dispoñible nesta primeira orde de axudas. Esta liña económica ía destinada soamente aos concellos galegos de menos de 20.000 habitantes, co obxectivo de axudar a emendar o impacto negativo que causan sobre as súas contornas os edificios municipais.

Ademais, a administración local tamén renovou gran parte do alumeado público do municipio por un importe de 132.740,60 euros, dos cales 106.192,50 euros foron financiados por parte do fondo FEDER a través do Instituto para a diversificación e aforro de enerxía.

As casas niño de Santiso farán o seu segundo Nadal Solidario

Cartel da iniciativa 'Nadal Solidario' das casas niño. / Foto: Concello de Santiso

As casas niño do concello de Santiso organizan por segundo ano consecutivo o 'Nadal Solidario', unha iniciativa que ten como obxectivo que a veciñanza entregue xoguetes, roupa e alimentos perecedoiros para as familias con menos recursos do municipio.

Para participar nesta recollida solidaria poden facelo ata o vindeiro venres 17 de decembro acudindo, ou ben, á casa niño Axóuxere (situada en lugar Portocelo, Niñodaguia) ou a casa niño Brincadeira (na parroquia de Ribadulla) en horario de oito da mañá a tres da tarde. En caso de non poder achegarse nestas horas establecidas a veciñanza pode poñerse en contacto coas responsables das casas niño nos números de teléfono: 650 72 50 14 (María) e 697 70 75 50 (Auria).

O alumnado do CEIP de Arcediago continua a descubrir o patrimonio local de Santiso

Alumnado do CEIP de Arcediago na antiga aldea de Ribadulla. / Foto: ANPA

O alumnado do CEIP de Arcediago continúan descubrindo o patrimonio do concello de Santiso coa actividade que organiza a ANPA A Xuntanza dentro do proxecto 'EU son Santiso! Esta iniciativa ten como obxectivo principal a posta en valor e difusión entre a rapazada da escola, do patrimonio arqueolóxico, histórico, etnográfico e natural do municipio.

Nesta quedada extraescolar, o alumnado de Santiso e o persoal do Museo Terra de Melide achegáronse a coñecer inscrición medieval da Ponte de Mourazos, a capela de San Xurxo, o cruceiro de Visantoña e a antiga aldea de Ribadulla. Esta última parroquia quedou asolagada coa construción do encoro de Portodemouros e que nesta época queda visible pola baixada do caudal, da auga da presa ou a Casa Grande Belmil.

Esta actividade tan interesante amosa, unha vez máis, o forte compromiso das familias do CEIP de Arcediago coa historia e o patrimonio do concello, afondando na idea do territorio como aula de aprendizaxe. Ademais, grazas a esta iniciativa da ANPA A Xuntanza pais, nais e alumnado desfrutan de xornadas diferentes nas que coñecen máis profundamente as parroquias e lugares do seu municipio.

Os rapaces de santiso arranxan o Nadal

Non era un día coma outro calquera, era o día de Nadal. Eu estaba durmindo e de súpeto oín un berro, non tardei en darme conta de que era o meu veciño Xenaro que dicía: "XOÁN! XOOÁN!". Eu ao oír tantos berros espertei e dun chimpo boteime fóra da cama. Logo, mirei pola fiestra e vin todo de cor branca, a vila estaba cuberta de neve! Nese mesmo intre, veu Xenaro onda min e díxome "Está aí Papá Noel" e eu mireino estrañando, pero era certo, Papá Noel estaba aquí, en Santiso, e xunto a el a súa zorra cheo de agasallos e dous renos. Antes de nada, comprobamos se había algún agasallo na miña árbore, pero non estaba nin a bicicleta que tanto pedirá nin o libro de Kika Superbruxa que quería para rematar a miña colección. Achegámonos á súa zorra, mentres pensaba se o que estaba acontecendo era un soño, e preguntámoslle que lle pasara. Mentres lle estábamos falando, decateime de que un dos renos tiña unha pata ferida e xa o entendín todo. Como tamén nos explicou Papá Noel, baixando para deixar os agasallos aos nenos e nenas bateron contra un cable e o pobre reno enredouse e torceu unha pata. A min e ao meu amigo ocorréusenos avisar ao meu pai, que é gandeiro e está acostumado a salvar aos animais, e puido arranxar o problema. Como recompensa por axudarlle Papá Noel deixounos ir con el a repartir os presentes aos demais nenos e nenas da vila e tivemos a sorte de elixir que o primeiro en recibilos fose o noso amigo Nico. Fíxonos moita ilusión vivir aquela experiencia e sempre o recordarei como o día máis feliz.

CEIP de Arcediago

Poza do Barro da Madanela

TIÑAS IDEA?

Poza do Barro da Madanela, na parroquia de Santa María do Leboreiro no Monte da Madanela. / Foto: abeancos.gal

En Melide temos un dos principais ecosistemas existentes no centro de Galicia, a gándara da Madanela. Esta poza, situada na parroquia de Santa María do Leboreiro, no Monte da Madanela conta cunha destacada vexetación esteparia, entre as que atopamos endemismos propios de substratos xeolóxicos serpentinizados, así como cunha certa relevancia noutro tipo de variables como poden ser as pegadas antropizadas existentes na paisaxe achairada que define a gándara.

Entre estas variables, unha das máis destacadas é a da produción de tella, tanto de maneira practicamente artesán como de xeito industrial. Nesta comarca foron moi coñecidos e considerados os telleiros e fornos de tella que existiron en lugares como o Leboreiro, Furelos ou Piñor. Estes últimos obtiñan o barro no Monte de Vimianzo (no concello de Santiso), porén os do Leboreiro e Furelos abastecíanse, principalmente, da poza da Madanela.

Por toda esta gándara quedan pegadas das antigas extraccións de barro que na actualidade están convertidas en pozas e lagoas artificiais. Esta parte do patrimonio natural ten un innegable valor ambiental xa que foron, unha vez abandonadas, colonizadas por vexetación arbórea e arbustiva de ribeira, e nas zonas menos profundas "invadidas" por mestas xunqueiras. Esa renaturalización outórgalle unha especial relevancia, posto que se converteu en importante lugar de refuxio e morada estacional de anátidas e doutro tipo de aves que son propias de ecosistemas palustres, como garzas e pitas de auga. Ademais, tamén destaca a presenza de anfibios, con diversas especies de ras e tritóns.

Non obstante, a lagoa máis grande de todas é a existente nunha zona denominada O Redondo, sendo o resultado dun proceso continuado e que que remonta a tempos ben lexanos, a xulgar pola gran extensión e profundidade desta poza que leva á conclusión de que tivo que levar o seu tempo producirse unhas extraccións tan notorias. A gándara grande conta cunhas dimensións duns 95 metros, podendo ser maior posto que non se pode ver a súa extensión nas zonas máis someiras por estar en boa medida ocultas polas xunqueiras. Nun eixo chega a superar os 40 metros de anchura.

Pedirlle unha vacina aos Reis (do hemisferio norte)

Poderías sentirte orgulloso de que cando vas a unha tenda te atenda un empregado en concreto, e non outro? Poderías sentirte orgulloso de que chova ou de que faga sol? Daríache a ti algún tipo de supremacía, de poder sobre os demais que te atenda un ou outro camareiro nun bar cando entras e está a barra ateigada de xente? A resposta a estas preguntas parece bastante obvia: hai factores que non dependen en absoluto dos nosos méritos nin das nosas accións. Factores que nos veñen dados e que por tanto non deberían nunca ser razón para sentirnos máis ca outros que non os posúen, porque non os gañamos. Herdámolos.

Ti que estás lendo este texto tiveches a sorte -a priori- de nacer no lado bonito do mundo. Nun país do primeiro mundo, economicamente desenvolvido, de raza branca, sustentado polo capitalismo, culturalmente avanzado e en situación de paz. Pero igual que naciches aquí, puideches ter nacido no Chad, no centro de África, ou en Haití, o país máis pobre do planeta que nos soa a todos só por saír no telexornal por encadear catástrofes naturais e humanas nun ciclo sen fin.

Por iso, parece pouco lóxico que un feito absolutamente azaroso, que non responde a ningún mérito, empodere a media parte do planeta para decidir excluír á outra media. O que está pasando coa epidemia do coronavirus vén sendo isto: os que vivimos no lado bonito do mundo decidimos salvarnos a nós mesmos cunha vacinación masiva, pechando os ollos aos veciños do lado (de abaixo, máis ben) que non tiveron a nosa sorte de nacer aquí. Sorte non entendida como regalo positivo, senón como circunstancia do azar. E así, medio mundo interpreta que só hai que salvarse a si mesmo, establecendo uns muros invisibles, que non son atravesados polo capitalismo, pero si atravesa un virus microscópico.

O ritmo do planeta di que a mobilidade entre o mundo rico e o mundo pobre é constante. Por iso, mentres non se poña o mesmo empeño en vacinar negros africanos e tribus afastadas das coberturas, ca se puxo en vacinar países de brancos atravesados por autopistas de asfalto haberá pouca couta para un virus que -naturalmente- non entende iso dos dous lados do mundo: o bonito e o non tan bonito.

É tan antinatural o sentimento do racismo que vén a dicir que un se sente superior por ter unha condición puramente derivada do azar. E entender o mundo só como o que nos pasa diante dos ollos está visto que deriva en cousas coma esta: epidemias mundiais nas que queda ás claras que os ricos tamén choran, os negros tamén contan, a sorte decide por ti, e ti estás aquí pola sorte.

Se cadra non viña mal pensar que estará pasando neste momento na cara escura do planeta.

Vanesa de Quinzán

Corazón de tinta

Alumnado do IES de Melide

O último alento

As agullas cambiaban pero o tempo non pasaba
non vía nada, todo estaba escuro
vermes aparecerían no mesmo espazo
no que o seu agora frío corpo se atopaba.
O espectro negro coa fouzada
o seu último alento expiraba
sen poder moverse deu un suspiro
mentres escoitaba a xente chorar
axiña entendeu que nada se podía remediar.
Só era capaz de ulir a rosa que se volveu gris
e o home de lonxe escoitar
un milleiro de palabras predicar.

Candela Miguélez Buján

Ausencia

A mirada do gato dicíao todo, podía ver o mar nos seus ollos. Había semanas que a cadeira era o seu único fogar.

María Vázquez Prieto

Lapso decadente

Chégalle o momento
ás Castañas para emanciparse e
deixar atrás o ourizo

Escóitase chegar o ruxir
das motos humanas
pilotadas polos Axentes invisíbeis

Os cogomelos presomen
dos seus sombreiros
Gañando o Peido de lobo
co seu pó máxico.

As nubes compadécense
polos termómetros
que andan baixos de ánimo

As árbores do tempo
deixan caer a súa follaxe
deixando así entrever
o Final do Ano.

Manu Conde Carrera



Casa Juanito

Más de 100 años de prestigio y calidad

Especialidad en:

Pimentón *Legumbres*

Bacalao *Vinos* *Licores*

Gran surtido en cestas de navidad y baúles
Regalos navideños con productos
conocidos y de prestigio

Mateo Segade Bugueiro, 39 - MELIDE / Tfno e Fax: 981 50 51 03 / casajuanito1910@gmail.com

LUIS E VÍCTOR BLANCO, HOTEL CARLOS 96

“Temos que agradecer moito a boa acollida que puidemos conseguir da clientela local”

O Hotel Carlos 96 é un establecemento familiar en todos os aspectos, alí a clientela e os provedores forman parte da unidade familiar que constrúe este negocio melidense. Os seus xerentes, os irmáns Luís e Víctor Blanco, teñen a hostalería nas súas raíces e os pés na terra, o que lles axuda a saír a diante e acadar o éxito no sector. O afán por mellor cada día é un dos seus principais obxectivos.

Os irmáns, Víctor e Luis Blanco no recibidor do Hotel Carlos 96, do que son responsables. / Foto: Hotel Carlos 96

- Levades traballando moitos meses no medio da incerteza e parece que ides continuar así.

- Luís Blanco: Nós o primeiro que temos que facer é agradecer moito a boísima acollida que acadamos a nivel local nestes tempos complexos. Grazas a iso, actualmente, estamos traballando moi ben e, inclusive en certos aspectos, mellor que no ano 2019 (previo á pandemia). É certo que non se están facendo os grandes banquetes que se realizaban antes pero si hai moitas máis comidas de grupos pequenos.

- Pódese dicir que a poboación se adaptou a unha nova época de consumo?

- (L.B): Non sei se é que realmente a xente se adaptou a unha realidade diferente ou que novas liñas de produtos que sacamos fixo o efecto de atracción para que as persoas se decidiran por vir ata o Carlos 96. O noso equipo aproveitou o parón provocado pola pandemia para ter un período de creación que saíu dunhas xornadas de moito traballo. Por exemplo, sacamos unha liña de bocadillos ou comida un pouco máis informal (da que falamos neste xornal no mes de maio) e diversos pratos novos. A parte boa é que todo este esforzo agora está tendo a súa recompensa que é unha acollida excelente. Non obstante, cada vez que sae unha medida nova, como pode ser a de pedir o pasaporte COVID, notamos que hai un baixón en canto a número de persoas pero temos que seguir adaptándonos ás circunstancias que vaiamos tendo porque aínda así non nos podemos queixar.

- Que perspectivas tedes para a época de Nadal?

- (L.B): Tiñamos varias reservas para ceas de empresas pero fóronse anulando porque non ven a viabilidade de facelas. A pesares disto, si hai compañeiros e compañeiras de traballo que se levan ben e son grupos reducidos que están chamando para encargar. Logo hai xente que nos está chamando para fin de ano pero nós tomamos a decisión de que non imos a dar ceas ese día porque con estas medidas requírese un esforzo moi grande e non sabes se as vas dar garantido.

- Estamos inmersos nunha crise de abastecemento e loxística.

- (L.B): É un dos problemas ao que nos estamos afrontando agora mesmo e que encadea outro aínda máis visible que é a suba dos prezos dos produtos que nos encargamos. Moitos dos artigos que máis subiron son básicos, de primeira necesidade, polo que nos atopamos nunha situación moi complexa. Por unha banda, ti entendes que non é o momento de subirlle os prezos á clientela pero, pola outra banda, a ti cada vez cóbranche os produtos máis caros e os marxes redúcense. Entón, actualmente, estamos no debate de se subir ou non os prezos dos servizos que ofrecemos. A nosa maneira de entender o negocio e gardar dos meses de bo traballo para os que non o son como pode ser xaneiro ou febreiro, moitos establecementos do noso sector pechan varios meses do ano porque non lle sae rendible e gañas en calidade de vida, para nós iso sería o máis sinxelo pero preferimos manter o negocio aberto porque temos unha clientela local moi fiel que non queres perder porque xa é parte da familia.

- En canto ás reservas de habitacións nótase a recuperación do turismo?

- (L.B): Os meses de xullo, agosto e setembro traballamos mellor estes ano que no 2019. Logo, ademais, neste mes outros anos non teriamos ningunha reserva de peregrinos en cambio actualmente temos noites de catro habitacións reservadas só para camiñantes. Outro exemplo, a ponte de principios de decembro nunca fóra unha época de grandes reservas e nesta volta tivemos unha ocupación de arredor do 70%. Debido a este ritmo frenético énos moi complicado manter as redes sociais con contido diario porque non damos feito, pasamos de cero a cen en nada. Despois temos proxectos para sacar cousas novas a curto prazo, por exemplo, estamos traballando en realizar un menú degustación coas elaboracións que a clientela máis está demandando para que a xente poida chegar ao noso restaurante e probar un pouco dos nosos mellores pratos. A idea sería que este menú fose sete ou oito elaboracións máis pequenas.

- Manter un negocio en épocas malas non é fácil, cal é o segredo?

- (L.B): Somos unha empresa familiar na que temos os pés na terra. Procuramos respaldarnos sempre no noso traballo, no que imos conseguindo pouco a pouco, aforrando sempre para cando o precisemos. Logo, tamén traspasamos esa relación familiar aos provedores polo que te van coidando e axudando cando chegan os tempos difíciles. Traballar cóbado con cóbado con eles permíteche traer produtos de gran calidade, incorporar outros novos e innovar, circunstancia que senón hai esa relación de confianza e familiaridade sería moito máis complicado chegar a ela.

- O ano 2022 xa está petando na porta. Cales son as previsións?

- (L.B): Prevemos que sexa un moi bo ano. No que respecta a habitacións xa temos reservas programadas para os vindeiros meses polo que así dende a distancia parece que debería ser un bo ano. Iso si, todo isto está condicionado á pandemia da que aínda non saímos, dependemos de que a evolución sexa boa.

Hotel Carlos 96
Avenida de Lugo, 119
15800, Melide
Tlf:981 50 76 33

PÍDENOS CITA PARA REALIZAR UN
ASESORAMIENTO AUDITIVO
GRATUITO

... y llévate un
práctico regalo

ESTA NAVIDAD
Regala SALUD
AUDITIVA

Instituto de la Sordera

Ronda da Coruña, 34. 15800 MELIDE
981 50 72 87 - 648 75 47 61

E-15-001359

El audífono más pequeño

Virto, es uno de los audífonos más pequeños del mercado, fabricado a medida y en titanio. Tan discreto que nadie notará que llevas un audífono.



Un audífono que ofrece una experiencia auditiva incomparable.

Instituto de la Sordera

¿Probar sus audífonos antes de comprarlos? Sí, es posible

Volver a oír bien,
es una decisión que cambiraá su vida

Instituto de la Sordera

Feliz Año
2022

Disfruta de
audición todo el año